



CIRCULAR 41-2019.

XI CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE MILLA EN RUTA E DAS CATEGORÍAS SUB 18, SUB 20, SUB 23

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- O domingo 7 de abril de 2019 terá lugar o **XI Campionato de Galicia Absoluto de milla en ruta e das categorías sub18, sub20, sub23 e máster**. O campionato terá lugar nun circuíto homologado pola Real Federación Española de Atletismo en Santiago. O evento estará organizado pola Federación Galega de Atletismo e o Concello de Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertencen a clubs doutras comunidades autónomas.
 3. Atletas non galegos/as convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo da Asemblea os atletas estranxeiros da categoría sub20 en diante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 2 de abril do 2019.

Art.4).- A saída terá lugar na rúa de Senra e a meta será na Praza de Galicia de Santiago de Compostela.

Art.5) .- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as absolutos e das categorías sub18, sub20, sub23 e de todas as categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) .- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.7) .- Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas co prazo límite de 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.



Art.8).- Horario (provisional):

HORA	DISTANCIA	PROBA
10:00 h	350 m	Categoría sub 8 (2012 e posteriores)
10:15 h	1 km	Categoría sub 10 masculino e feminino (2010-2011)
10:30 h	1 km	Categoría sub 12 masculino e feminino (2008-2009)
10:45 h	1 km	Categoría sub 14 masculino e feminino (2006-2007)
11:00 h	1 km	Categoría sub 16 masculino e feminino (2004-2005)
11:20 h	ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS ESCOLARES 1 KM EN RUTA	
11:45 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster feminino (W35-W40)
12:00 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino (M35-M40)
12:15 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster feminino (W45 e superior)
12:30 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino (M45 e superior)
12:40 h	1,609 km	Milla popular feminina (2003 ata máster)
12:50 h	1,609 km	Milla popular masculina (2003 ata máster)
13:00 h	1,609 km	Milla popular máster feminina (máster 1 e 2)
13:10 h	1,609 km	Milla popular máster masculina (máster 1 e 2)
13:30 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla feminino (2003 e anteriores)
13:45 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla masculino (2003 e anteriores)
14:10 h	ENTREGA DE PREMIOS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E PROBA POPULAR	

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fatletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado: 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 12 de marzo de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo